TARXETA XENTE NOVA

Solicita a tarxeta a partir do 10 de xuño
Empeza a empregala a partir do 15 de xuño

QUE É?

A TARXETA XENTE NOVA é a tarxeta de transporte de Galicia que permite realizar **viaxes interurbanas gratuítas** dentro das áreas nas que está activa.

QUEN A PODE UTILIZAR?

Mozos de entre 4 e 20 anos, porque os menores de 4 anos xa viaxan gratis no transporte interurbano. Cando cumpras 21 poderás seguir usando a tarxeta ata que se esgote o saldo.

COMO CONSEGUILA?

1. Solicita cita gratis en **www.bus.gal**
2. Ao facilitar os datos que se solicitan xerarase unha cita nunha oficina de Abanca habilitada. Non é necesaria unha conta asociada.
3. Unha vez alí, só necesitaremos o teu DNI. A tarxeta é gratuita. Lembra que se aínda non cumpriches os 18 anos deberás ir acompañado por un representante legal.
4. A túa tarxeta xa está lista. Podes levala contigo e empezar a viaxar.

COMO VIAXAR CON ELA?

Para comezar a viaxar debes ter saldo na túa tarxeta. Cobraranse as viaxes e despois serán bonificadas.

- Todas as viaxes interurbanas reembolsaranse cada 15 días, ata un máximo de 60 viaxes mensuais.
- Para recibir a bonificación só tes que **realizar unha operación coa túa tarxeta en calquera caixeiro Abanca** e automat camente recibirás o aboamento das viaxes realizadas.
- O importe dos reembolsos cargaranse segundo a tarifa aplicada en cada momento.

ONDE UTILIZALA?

- A Xunta está iniciando a implantación progresiva da Tarxeta Xente Nova en toda Galicia. Na primeira fase incorporaranse todas as liñas interurbanas da provincia de Ourense.
- Coa Tarxeta Xente Nova serán bonificadas as viaxes que se realicen dentro desta zona.
- Podes consultar as liñas nas que xa está operativa na web **www.bus.gal**

TAMÉN A TARXETA DE TRANSPORTE TMG

- Para facilitar o pago seguro e evitar contaxios da covid-19, os maiores de 21 anos poderán empregar a Tarxeta de Transporte TMG.
- Podes solicitala tamén nas oficinas de Abanca habilitadas a partir do 10 de xuño e empezar a utilizala desde o 15 de xuño.



PODES UTILIZAR A TARXETA XENTE NOVA

Simplemente achegando a tarxeta, pola zona do chip, á parte central do lector. O son dun asubío indicará que a lectura é correcta.

PARA MANTER A TARXETA SEMPRE EN PERFECTO ESTADO, SÓ TES QUE SEGUIR ESTAS SINXELAS INSTRUCIÓNS

- Non a expoñas ao sol nin a temperaturas elevadas e procura evitar cambios bruscos de temperatura.
- Protéxea da humidade e de ambientes corrosivos, como o salitre mariño.
- Evita achegala a campos electromagnéticos ou electrostáticos fortes (microondas, móbiles...).
- Non intentes limpala con produtos corrosivos.
- Non a dobres.

INFÓRMATE EN **WWW.BUS.GAL** OU CHAMANDO AO **988 68 78 00**

Disporás de 2 meses para solicitar a bonificación nun caixeiro de Abanca.